

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 18 DE XANEIRO DE 2021.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as dez horas e un minuto do día dezaioito de xaneiro de dous mil vinteún, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión:

D^a. YÉSSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

Asiste á sesión o interventor municipal accidental, don Roberto Babío Fernández, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- PROPOSTA RELATIVA A REXEITAMENTO DA SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO ACORDO PLENARIO DE DATA 24 DE SETEMBRO DE 2020 SOLICITADA NO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JOSÉ RICARDO PÉREZ RODRÍGUEZ CONTRA O DEVANDITO ACORDO PLENARIO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal, de data oito de xaneiro de dous mil vinteún, ditaminada favorablemente na comisión informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil na sesión de data trece de xaneiro de dous mil vinteún, que literalmente di:

“PROPOSTA PARA O PLENO

Visto o recurso de reposición interposto o día 17 de decembro de 2020, rexistro entrada neste concello 2020/10670, por don José Ricardo Pérez Rodríguez, no que solicita “*Que teniendo por presentado este escrito se admita, teniendo por interpuesto RECURSO DE REPOSICIÓN contra el acuerdo del Pleno del Ayuntamiento de 24 de septiembre de 2020 por el que se desestimaron las alegaciones presentadas y se aprobó definitivamente la modificación de la relación de puestos de trabajo, y en consecuencia **se proceda a anular el acto impugnado** por ser contrario al ordenamiento jurídico.” y “Que de acuerdo con el artículo 117 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común, solicito la suspensión de la ejecución del acto impugnado por producir efectos de imposible o difícil reparación.”*

Visto o informe de secretaría de data 7 de xaneiro de 2021, código documento número USG15I000G.

Visto o informe do xefe do Gabinete técnico do día 8 de xaneiro de 2021, código documento número UPO15I000N, no que estima manter a posición da administración municipal exposta no acordo corporativo do día 24 de setembro de 2020.

Atendendo que o recorrente solicita por medio de “Otro sí” a suspensión da execución do acto impugnado por “producir efectos de imposible o difícil reparación”, pero non concreta estes efectos de imposible ou difícil reparación.

Propónse ao Pleno da Corporación:

Rexeitar a suspensión da execución do acto impugnado, ao considerar que a modificación da relación de postos de traballo, aprobada definitivamente polo Pleno municipal na súa sesión ordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2020, se fixo en uso da potestade de autoorganización que se concreta no que respecta á xestión do persoal na discrecionalidade para configurar unha organización peculiar e adaptada ás necesidades concreta e que é oportuna e está debidamente motivada e cumpre cos requisitos legais establecidos para proceder á súa aprobación.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo conforme ao establecido nos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa de A Coruña que corresponde, no prazo de 2 meses contados desde o seguinte ao da notificación do presente acordo.”

Consta no expediente informe da Secretaría municipal de data sete de xaneiro de dous mil vinteún (código de documento USG15I000G) que transcrito literalmente di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asto: Recurso de reposición interposto por don José Ricardo Pérez Rodríguez contra acordo do Pleno do Concello de data 24 de setembro de 2020 relativo á aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo.

PILAR MARÍA PASTOR NOVO, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional, subescala de secretaría, categoría superior, secretaria xeral do Concello de Culleredo, en relación ao asunto de referencia, e en cumprimento do disposto no artigo 3.3 d.4º do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o

2 de 26

régime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional emite o seguinte **INFORME:**

ANTECEDENTES

Como antecedentes máis salientables a efectos do que logo se dirá cómpre sinalar os seguintes:

1.- En data 15 de xuño de 2020 a concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal formulou proposta de aprobación da modificación da relación de postos de traballo (código de documento UPO14I00GW).

2.- En data 29 de xuño de 2020 a que subscribe emitiu informe en relación á proposta de modificación da RPT(código de documento USG14I00S5) no que polas consideracións que nel se conteñen se informou desfavorablemente a proposta de modificación da relación de postos de traballo e se manifestou o criterio verbo da non procedencia da súa aprobación.

3.- A Sra. interventora do Concello en data 8 de xullo de 2020 emitiu informe (código de documento UIT14I00 FX) no que se informou desfavorablemente a modificación da RPT.

4.- En data 13 de xullo de 2020 o xefe de servizo de economía e facenda emitiu informe (código de documento UPO14I00JC).

5.- O Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 22 de xullo de 2020 acordou aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo.

6.- No Boletín Oficial da Provincia de data 27 de xullo de 2020 publicouse anuncio relativo á aprobación inicial da modificación da RPT.

7.- No prazo concedido presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

–Don Roberto Tizón Miguens, segundo di, na súa condición de Responsable de Administración local da CIG na comarca da Coruña. (entrada 26/08/2020, núm. rexistro 2020/6353)

–Don José Ricardo Pérez Rodríguez (entrada 28/08/2020, núm. rexistro 2020/6416).

8.- O xefe de servizo de economía e facenda en data 14 de setembro de 2020 emitiu informe (código de documento UPO14I00SQ) no que conclúe que “As alegacións presentadas poden ser desestimadas polos motivos expostos nos considerandos do presente informe.”

9.- En data 16 de setembro de 2020 por esta Secretaría emitiuse informe (código de documento USG14I01Q1) no que na súa conclusión se sinalou que: “En atención ao exposto neste informe e no emitido en data 29 de xuño de 2020 (código documento USG14I00S5)se informa **DESFAVORABLEMENTE** a modificación da relación de postos de traballo aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 22 de xullo de 2020, polo que a xuízo da que subscribe **non procede** a súa aprobación definitiva.”

10.- O Pleno do Concello en sesión de data 24 de setembro de 2020 acordou rexeitar as alegacións presentadas e aprobar definitivamente a modificación da relación de postos de traballo aprobada inicialmente polo Pleno en sesión do 22 de xullo de 2020

11.- O 7 de outubro de 2020 dona Izaskun García Gorostizu presentou recurso de reposición contra o citado acordo plenario .

12.- En data 20 de outubro de 2020 o xefe de servizo de economía e facenda emitiu informe.

13.- O 2 de novembro de 2020 por esa Secretaría emitiuse informe (código de documento USG14I028R) en relación ao recurso de reposición presentado no que se concluíu que procedía a estimación deste.

14.- O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria urxente de data 3 de novembro de 2020 acordou desestimar o recurso de reposición presentado.

15.- En data 12 de novembro de 2020 remitiuse telematicamente a don José Ricardo Pérez Rodríguez notificación do acordo plenario adoptado en data 24 de setembro de 2020.

Consta no expediente acuse de recibo de dita notificación no que figura como data de posta a disposición o 12/11/2020(11:03:04) e data de rexeitamento automático o 23/11/2020.

16.- O 17 de decembro de 2020 o sr. José Ricardo Pérez Rodríguez presenta recurso de reposición contra o acodo plenario de data 24 de setembro de 2020.

17.- Os demais que figuran no expediente electrónico UPO/2020/62.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- En relación á modificación da relación de postos de traballo aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión de data 24 de setembro de 2020, por esta Secretaría emitíronse informes en datas 29 de xuño de 2020 (código de documento USG14I00S5) e 16 de setembro de 2020 (código de documento USG14I01Q1) nos que se informou desfavorablemente dita modificación da RPT, informes nos que se ratifica a que subscríbe e que se dan por íntegramente reproducidos.

Tamén se ratifica a que subscríbe no informe emitido en data 2 de novembro de 2020 (código de documento USG14I028R) en relación ao recurso de reposición que presentou a concelleira dona Izaskun García Gorostizu,

Segunda.- Exame do recurso presentado.

As alegacións contidas no recurso refírense todas elas ao posto de xefe de área de urbanismo:

2.1. Se alega polo recorrente en primeiro lugar a imposibilidade de creación do posto de xefe de área de urbanismo, falta de motivación válida na creación do dito posto e desviación de poder, sinalándose no recurso que: “*La creación del puesto de jefe de área de urbanismo carece completamente de una motivación válida como más adelante se expondrá, siendo además tal creación de imposible cumplimiento, pues NO EXISTE creada en la relación de puestos de trabajo tal área, ya que la estructura administrativa del Ayuntamiento de Culleredo se organiza a a nivel de servicio, y en ningún momento se ha creado área alguna*”, desenvolve a continuación estes argumentos e conclúe este apartado sinalando que: “*La conclusión final que se extrae de todo lo anterior es que el Ayuntamiento ha infringido la potestad autorganizativa.*

Los motivos que se han explicitado acreditan la irracionalidad e incongruencia de la creación del puesto de trabajo de jefe del área de urbanismo, y que la creación de dicho puesto no tiene por objetivo el que manifiesta el gobierno municipal (lograr mayor eficacia y dimensionar el servicio), sino otro bien distinto y que se oculta, lo que constituye a todas luces un claro ejemplo de desviación de poder ya que se ha utilizado la potestad de autoorganización para alcanzar un fin distinto al perseguido por la Ley.

(.../...)

En relación á insuficiente motivación do acto, por esta Secretaría se reitera o que informou nos anteriores informes, sinalándose no de 16 de setembro de 2020 o seguinte:

“...A Administración, a través da relación de postos de traballo exercita a súa capacidade de autoorganización, e esta potestade de autoorganización está dotada dun amplo marxe de discrecionalidade, cos límites propios do exercizo das potestades discrecionais.

A discrecionalidade ten como límite a interdicción da arbitrariedade (artículo 9.3 da Constitución Española), de ahí a importancia da motivación, de que xustifique a decisión adoptada. A motivación é o correlato da discrecionalidade. Se a discrecionalidade non se motiva entramos na arbitrariedade.

Nun Estado de Dereito, a esixencia de obxectividade que a propia Constitución Española impón na actuación da Administración debe plasmarse en todas as súas manifestacións de vontade.

Código do documento	Código do expediente
USG15I00EL	USG/2021/6
Código de Verificación Electrónica (COVE)  035Z 1107 706Q 1Y15 00S7	

Como os actos administrativos son a principal expresión da vontade administrativa, neles debe aparecer de algunha maneira o selo de obxectividade, cuxa forma máis sinxela é incorporar na súa exteriorización os argumentos nos que se basea a Administración para ditar o acto administrativo en cuestión. Como precisou o Tribunal Constitucional na súa sentenza de 16 de xuño de 1982, a motivación é necesaria para o debido coñecemento dos interesados e para a posible defensa dos seus dereitos, e debe darse coa amplitude necesaria para tal fin, pois so expresando as razóns que xustifiquen a decisión é como o interesado pode despois alegar canto lle conveña para a súa defensa, sen subsumirse na manifesta indefensión que proscribe o artigo 24.1 da Constitución- tamén extensivo ás resolucións administrativas-.

Máis adiante, o propio Tribunal Constitucional, en sentenza 14/1991, dispuxo que a motivación dos actos discrecionais garanta que se actuou racional e non arbitrariamente, e permite un adecuado control dos actos discrecionais, ademais de esixir unha motivación que alomenos exprese apoio en razóns que faciliten coñecer os criterios fundamentais da decisión.

A motivación, como se acaba de dicir, é unha manifestación da obxectividade á que está condicionada a acción administrativa, precisamente polo sentido racional do servizo ao interés xeral que debe expresar toda manifestación da actuación administrativa. Desde unha perspectiva ampla, o artigo 103 da Constitución Española, ao mandar que a actividade administrativa refrexe sempre o servizo obxecto ao interés xeral está obrigando a que todos os actos administrativos sexan un exponente dese servizo obxectivo ao interese xeral.

As esixencias de motivación, que deben ser xerais para todos os actos administrativos, son imprescindibles nunha serie de actos administrativos nos que- por razóns de discrecionalidade ou de restricións ou limitación das posicións xurídicas dos particulares- a obxectividade ou racionalidade debe ser expresada sempre e en todo caso. Ademais, xunto a esta perspectiva, non pode esquecerse, como lembra o Tribunal Constitucional, que na propia motivación dos actos administrativos hai unha razón de orden procesal: a defensa dos dereitos e intereses lexítimos do destinatario dun acto administrativo.

A motivación non é pura formalidade, non é fórmula de estilo nin cubrir o expediente. A obxectividade, característica constitucional da actuación administrativa, se satisface a partir da racionalidade. Por eso, o Tribunal Supremo, en sentenza de 10 de marzo de 2004 di que a motivación, como ingrediente formal do acto administrativo, se cumpre se do contido do acto se deducen as razóns determinantes do que resolve o mesmo.

Dende unha perspectiva máis xeral, a sentenza do Tribunal Supremo de 22 de febreiro de 2005 sinala que a motivación reforza os principios de obxectividade e transparencia da actuación administrativa, e posibilita unha plena tutela dos dereitos e intereses lexítimos dos cidadáns. A motivación implica, pois, obxectividade e efectividade da tutela xudicial. Neste senso se pronunciou o propio Tribunal Supremo a través dunha sentenza de 29 de novembro de 2006, ao establecer que a motivación ten por finalidade que o interesado coñeza os motivos que conducen á resolución co fin, no seu caso, de poder rebatilos na forma procedemental regulada ao efecto. A motivación, pois, contiña esa sentenza, é consecuencia dos principios de seguridade xurídica e interdicción da arbitrariedade enunciados no apartado 3 do artigo 9 da Constitución Española, e tamén, dende outra perspectiva, pode considerarse como unha esixencia constitucional imposta non só polo artigo 24.2 da Constitución Española, senón tamén polo artigo

O artigo 35.1 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das Administracións públicas esixe que sexan motivados con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, entre outros, os actos que se dicten no exercicio de potestades discrecionais, así como os que deban selo en virtude de disposición legal ou regulamentaria expresa.

A expresión "sucinta referencia a los hechos y fundamentos de derecho"- di o Tribunal Supremo nunha sentenza de 5 de maio de 1999- non permite á Administración reducir o alcance da motivación " en una genérica remisión al contenido de preceptos legales, porque esa circunstancia no evita la indefensión del solicitnte, el cual no puede llegar a conocer la razón cabal de la negativa, ni consiguientemente, argumentar con eficacia la impugnación de esa denegación". O que é pertinente para cumprir co sentido do parágrafo primeiro do artigo 35.1 é, como tamén o sinalou o Tribunal Supremo na súa sentenza de 15 de febreiro de 1991(se ben referido ao precepto da Lei 30/1992,

que contiña idéntica previsión), “dar razón plena del proceso lógico y jurídico que determina la decisión”. E para elo non é necesaria unha extensión ampla, senón a axeitada para cumprir co fin da motivación.

A motivación dos actos é máis que unha cuestión de orde cuantitativo, unha materia que debe resolverse desde a perspectiva cualitativa. A motivación, pois, non se acredita cunha prolixa e larga explicación necesariamente, senón cos argumentos apropiados a cada caso concreto. Será a natureza de cada caso a que determine a extensión da motivación. Como regra, a clave reside en explicitar convincentemente- e dende un punto de vista racional- as causas que determinan que, por exemplo, un poder discrecional se concrete nun sentido específico.

Consiste a motivación nunha operación xurídica dirixida a que a administración autora do acto revele ao interés público que o xustifica as razóns de adecuación do acto ao fin do servizo obxectivo. Nos casos de poderes discrecionais, a motivación é fundamental posto que nestes supostos se produce un xuízo ou unha ponderación administrativa que leva a opción por unha determinada solución de entre varias legalmente posibles, polo que as esixencias xerais de obxectividade- que sempre deben acompañar a actividade administrativa- son particularmente intensas.

A motivación, como sinala o Tribunal Supremo, é unha esixencia constitucional que trae causa do artigo 9, o cal sanciona o principio de suxeición dos poderes públicos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, así como prohibe a arbitrariedade e reclama o servizo obxectivo ao interese xeral, á vez que tamén se concentra no sometemento pleno da Administración á Lei e ao dereito; e do artigo 23.2, o cal dispón o principio de acceso en condicións de igualdade á función administrativa. Así, a sentenza de 29 de setembro de 1988 sinala que:“(...../.....) Cuando se dice que la discrecionalidad no es arbitrariedad se está diciendo precisamente entre outras cosas, que incluso las llamadas decisiones discrecionales- y ninguna decisión lo es de manera total- han de ser motivadas. Lo contrario chocaría con preceptos de rango constitucional como los siguientes: artículo 9.1- sujeción de los poderes públicos a la Constitución y al resto del Ordenamiento Jurídico; artículo 9.3- interdicción de la arbitrariedad-; artículo 103-sujección plena a la ley y, además, al derecho que es previa a aquélla”.

O marco constitucional da motivación dos actos administrativos refrexa ata qué punto nos atopamos ante unha obriga constitucional, conectada á súa propia esencia e xustificación institucional por parte da Administración. O citado artigo 103.1, ao esixir a actuación da administración pública ao servizo obxectivo do interés xeral, dispón claramente que a obxectividade – esto é, a racionalidade- debe ser nota distintiva da actuación administrativa, sexa esta por acto ou por contrato. A Administración, sexa cal sexa a súa forma de expresión, sempre e en todo caso, debe atender á obxectividade . Do contrario , se nos situamos en esquemas de subxectividade e arbitrariedade estaríamos violando un dos principios fundamentais do estado de dereito. Desde outro punto de vista, a sentenza do Tribunal Supremo de 5 de decembro de 1990 chega á mesma conclusión, ao sinalar que “ las exigencias efectivas del Estado de Derecho ha determinado el alumbramiento de técnicas que permiten el control judicial de la Administración”.

Como os fins que a xustifican son fins de interés público e o interés público debe xestionarse de forma obxectiva , resulta que o Estado de Dereito reclama da función administrativa unha acción racional, obxectiva e congruente cos fins de interese público que debe servir.

En parecidos termos se expresa a sentenza do Tribunal Supremo do 14 de setembro de 1994- así como a sentenza de 11 de decembro de 1998-, cando sinala, nos artigos 9.1 e 103.1, que “el sometimiento de la actuación administrativa a la ley y al derecho, la interdicción de la arbitrariedad de los poderes públicos y el control que corresponde a los tribunales de la legalidad de la actuación administrativa y de ese sometimiento a la ley demandan la motivación de los actos administrativos en garantía de la seguridad jurídica, de la igualdad, aplicación de la ley y del derecho a la igual protección jurídica”

O alcance da motivación, como dispón a sentenza anterior “debe realizarse con la amplitud necesaria para su debido conocimiento y posterior defensa, con lo que la motivación del acto se conecta con el derecho fundamental a la tutela judicial efectiva y el derecho de defensa.”A sentenza do Tribunal Supremo de 24 de marzo de 2000 ofrece a seguinte definición de motivación:“ El Ordenamiento jurídico viene exigiendo la motivación con relación a ciertos actos haciendo consistir aquélla en la necesidad de hacer públicas las razones de hecho y de derecho que los justifican y fundamentan con las finalidades de permitir el control indirecto de la opinión pública para que no

aparezca el acto como manifestación voluntarista de un órgano sin otro apoyo que el ilegítimo de una simple decisión autoritaria e injustificada, de permitir el control jurisdiccional de dichos actos en los que la motivación es valiosísimo elemento para determinar si se ajusta o no a derecho, y de dar a conocer a sus destinatarios las razones en que aquellos se asientan, único moode que puedan decidir sobre la pertinencia de su impugnación y sobre los fundamentos de esta, al margen de constituir, la motivación, el ejercicio de una elegante cortesía siempre deseable”.

En termos xerais, toda actuación administrativa , na medida de que debe ser servizo obxectivo ao interés xeral, debe ser razoada e motivada. Agora ben aínda que é así en xeral, o lexislador quixo ofrecer un réxime especial de motivación para unha serie de actos nos que a necesidade de exteriorizar a racionalidade é sempre necesaria. Tal réxime se atopa no artigo 35 da Lei 39/2015 (entre os que se atopan, como se indicou, os actos ditados no exercicio de potestades discreccionais).

De acordo con este precepto legal, a motivación consiste nunha operación de comunicación dos argumentos de feito e de dereito en que se funda un determinado acto administrativo.

A exteriorización desas razóns de feito e de dereito debe ter unha axeitada armonía e congruencia, pois de non existir, de constituir un conxunto de argumentacións inconexas e sen relación de causalidade, non se poderán colexir as razóns reais da produción do acto e, polo tanto, non estaríamos ante unha motivación axeitada aos postulados do Estado de Dereito.

Se a motivación debe ser a regra xeral de acordo coa esixencia constitucional de servizo obxectivo ao interese xeral, cando se trata de actos nos que a Admnsitración exerce potestades discreccionais(como é a portesdade de autoorganización), tal obriga é maior, así como dun alcance máis concreto e específico.

C.I.F. P-1503100-H

Neste sentido a sentenza do Tribunal Supremo de 1 de xuño de 1999 é ben clara cando sostén que:“ La discrecionalidad, en cualquiera de sus variantes, parte de la posibilidad de elegir entre un mayor o menor abanico de opciones o, si se prefiere, resulta que su ejercicio refiere una pluralidad de soluciones justas, o de optar entre alternativas que, en general, sean igualmente justas desde el punto de vista del derecho o, tal vez mejor, razonables, desde el mismo punto de vista, por lo que el ejercicio de la potestad discrecional exige, como inseparable de ella, la motivación, que es lo que garantiza que se ha actuado racionalmente y no arbitrariamente , y la que permite un adecuado control de los actos discrecionales, exigiéndose así una motivación suficiente, que al menos exprese apoyo en razones que permitan conocer cuales han sido los criterios esenciales fundamentales de la decisión (STC 14/1991), fórmula un tanto vaga si se quiere, pero que tiene la ventaja de poder medirse caso por caso si se cumple o no con la suficiencia.”

A xurisprudencia reclama da operación de motivación un exercicio xurídico de ponderación de intereses e por suposto un contraste axeitado co caso concreto de que se trate. É dicir, cuando nos atopamos ante motivacións xenéncias, abstractas, que no fan referencia alguna – o insuficiente- ao caso concreto, nos atopamos ante motivacións que no dan os mínimos esixibles, o que determina a invalidez do acto.

Sentado o anterior, e entrando no estudo do suposto examinado, a xuízo da que siubscribe, como xa se puxo de manifesto no informe de Secretaría de 29 de xuño de 2020 (USG14I00S5) se advirte unha insuficiente motivación verbo da creación do posto de xefe de área de urbanismo, máxime se se ten en conta que no resto dos servizos a pirámide xerárquica da organización culmina cos postos de xefe/a de servizo. Alúdese na proposta(aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación) a que “....ante a necesidade de dimensionar o servizo de urbanismo cara a aprobación do Plan xeral , así como para conseguir un servizo máis eficiente, se entende necesario dotalo dun maior grao de especialización, mellorando con elo a xestión e calidade dos servizos prestados aos cidadáns, polo que se crea o posto de xefe de área de urbanismo” pero non se achega ningún estudo nin informe do xefe de servizo que sustente estas afirmacións.

A motivación exteriorizada, a xuízo desta secretaria, non é congruente coas actuacións precedentes e coetáneas do Concello, E é que se indica como fin conseguir un servizo máis eficiente, dotandoo dun maior grado de especialización , mellorando con elo a calidade dos servizos prestados aos cidadáns, cando o Concello non cubriu os postos vacantes no servizo como o de técnico de urbanismo (cómpre salientar que a funcionaría que ocupaba o posto antes denominado xefa de servizo de xestión administrativa urbanística faleceu no ao 2011, sen que dita praza

se cubrise dende entón-hai case nove anos), ou o posto de arquitecto/a , con código UR.1.1.01, vacante na relación de postos de traballo desde o ano 2016. Neste senso, cómpre destacar que nos escritos que achega o Sr. Pérez Rodríguez(que actualmente é o titular do posto de xefe de servizo de urbanismo) xunto á súa alegación se constata que veu solicitando dende hai anos maior dotación de persoal no servizo, especificamente a cobertura do posto vacante dende o 2011 por falecemento da súa titular, que anteriormente se denominaba xefe de servizo de xestión administrativa urbanística.

Se o que se pesegue é o fin citado – servizo máis eficiente, dotando dun maior grao de especialización e mellorar a calidade dos servizos aos cidadáns- o lóxico sería cubrir as prazas que se atopan vancantes dende hai anos no servizo.. É por isto polo que se considera que a motivación que se contén no acordo de aprobación inicial é insuficiente, xa que non exterioriza unha causa do mesmo que sexa válida. Non se define o por qué para acadar esas necesidades que di perseguir faise preciso a creación dun (novo) posto de xefe de área e non son atendibles coa actual estrutura que culmina co xefe de servizo, cubrindo as prazas que levan anos vacantes.

Neste punto, e dado que se fala da necesidade dun servizo máis eficiente e da mellora da xestión e a calidade dos servizos , se reitera o sinalado pola que subscribe no informe de secretaria de data 29 de xuño de 2020 verbo da necesidade de cobertura das prazas que quedaron vacantes nos diferentes servizos do Concello por falecemento e xubilacións, especialmente da subescala técnica, que levan anos sen cubrir , o que está a afectar ao funcionamento dos servizos e impide unha tramitación normal dos procedementos.

En atención ao exposto procede estimar as alegacións presentadas no extremo relativo á insuficiente motivación. Verbo do alegado polo Sr. Pérez Rodríguez dunha posible desviación de poder, sinalar que a proba dos feitos que forma o soporte da desviación de poder corresponde a quen a alega, e o Sr. Pérez Rodríguez non aporta , a xuízo da que subscribe, probas que acrediten que os fins que persegue o acto son os que menciona no seu escrito”.

C.I.F. P-1503100-H

Engadir, polo que respecta ao sinalado polo xefe de servizo de economía e facenda no seu informe de data 27 de outubro de 2020 verbo de que “... en la relación de puestos de trabajo anterior a la mencionada modificación de 2016 ya existía un puesto de jefe de área de urbanismo, siendo el único puesto de jefatura de área que existía en la misma (.../...)”, que na RPT á que se refire(anterior ao ano 2016) todas as unidades se estruturaban a nivel de área e na de urbanismo existían dous (2) servizos, con dúas xefaturas de servizo(xefe/a de servizo de xestión administrativa urbanística e xefe/a de servizo de arquitectura e urbanismo), feito este que pode comprobarse na publicación da modificación da RPT no BOP de 18 de outubro de 2011, polo que ao existir dous servizos podería ter razón de ser a existencia dunha xefatura de área, pero non agora cando se estrutura nun so servizo cuxa organización culmina cunha sóa xefatura de servizo, como o resto das unidades administrativas do Concello.

No acordo plenario de data 29 de decembro de 2016, relativo á aprobación inicial da modificación da RPT refírese a eliminación das áreas da RPT na parte expositiva do xeito seguinte:

“(..../....)Dentro da potestade de autoorganización indicada e atendendo ao obxectivo de simplificación da estrutura administrativa, proponse a eliminación das áreas da relación de postos de traballo, deixando o servizo como primeira división administrativa. As áreas que figuran na actual RPT e que se propón eliminar son as seguintes: área de presidencia, área de benestar e dinamización local, área de administración local, cultura e participación cidadá, área de urbanismo, área de medio ambiente, servizos e obras, área de promoción económica, formación e emprego. Estímase procedente esta medida por varias razóns: pola xa manifestada non necesidade de incluír na RPT postos de traballo que non se prevén cubrir nun prazo temporal prudente; pola consideración de que as áreas responden a unha división de carácter máis político que administrativo, e de que atendendo ao carácter de estabilidade enunciado, a estrutura administrativa establecida pola RPT debe ser independente da estrutura política do goberno municipal, de forma que a competencia dun membro do goberno poda estenderse a máis dun servizo, a un servizo ou a parte dun servizo, sen necesidade de que un cambio de goberno implique un cambio na RPT; pola consideración de que a necesidade de coordinación entre distintos servizos con funcións xerais moi relacionadas, poden solventarse con outro tipo de órganos como poden ser comisións de coordinación de servizos ou similares.

De acordo co sinalado, a estrutura administrativa do Concello quedaría establecida nas seguintes unidades: Alcaldía; Asesoría xurídica; Benestar social; Cultura, deportes e educación; Dinamización, formación e emprego; Economía e facenda; Intervención-Tesourería; Medio ambiente, servizos e obras; Persoal e organización; Secretaría xeral; Seguridade cidadá e emerxencias; Urbanismo.

Esta estrutura supón a unificación de servizos, en concreto, do servizo de Dinamización local e do servizo de Formación e emprego, nun único servizo denominado "Dinamización, formación e emprego"; do servizo de Arquitectura e urbanismo e do servizo de Xestión administrativa urbanística, nun único servizo denominado "Urbanismo"; e dos servizos de Cultura e educación e do servizo de Deportes e participación cidadá, nun único servizo denominado "Cultura, deportes e educación. (.../....)"

Polo tanto, a partires da aprobación definitiva da devandita modificación da RPT, se deixa o servizo como "primeira división administrativa", o que ata a data non se modificou polo que, ao non existir área, a xuízo da que subscribe carece de xustificación a creación dun posto de xefe de área.

En atención ao exposto entende a que subscribe que debe estimarse o recurso presentado no relativo á insuficiente motivación, xa que o acordo impugnado infrinxe a potestade autoorganizativa, se ben, polo que respecta á desviación de poder alegada, verbo da finalidade que di o recorrente persegue o acto, sinalar que non aporta probas que acredite os fins que indica.

2.2.- Alega o sr. Pérez Rodríguez en segundo lugar a ilegalidade dos complementos de destino e específico do posto de xefe de área de urbanismo polos motivos que se conteñen no recurso.

Sobre este particular se pronunciou esta Secretaría no informe de data 29 de xuño de 2020, no que se sinalou o seguinte:

"(.../....)2.1.6.-Se asigna a este posto uns complementos de destino e específicos sen que conste a documentación oportuna para a súa valoración que acredite a realización dunha valoración obxectiva deste, o que infrinxe a legalidade polos motivos que a seguir se expresan:

O artigo 93.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local dispón que as retribucións complementarias se atenderán, así mesmo, á estrutura e criterios de valoración obxectiva cás do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo pleno da Corporación dentro dos límites máximo e mínimo que se sinalen polo Estado, engadindo o parágrafo 3 que as Corporacións locais reflexarán anualmente nos seus oramentos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica de función pública.

E o artigo 3 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, establece que dentro dos límites máximo e mínimo sinalados, o Pleno da Corporación asignará nivel a cada posto de traballo, atendendo a criterios de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como a complexidade territorial e funcional dos servizos en que estea situado o posto.

Os complementos de destino asignados pola Corporación deberán figurar no presuposto anual da mesa, coa mesma contía que estableza a Lei de presupostos xerais do Estado (p.4º do citado artigo).

Neste senso, a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura de data 16 de xuño de 2005 sinala no seu fundamento de dereito cuarto o seguinte:

"....El Tribunal Supremo en reiteradas sentencias, por todas ellas la de 14 de abril de 1993, define el complemento de destino como "un concepto retributivo objetivo y singular relacionado con el puesto de trabajo desempeñado y por ello ni cabe conectarlo con la titulación y capacitación técnica exigida para el ingreso en Cuerpos determinados, ni todos los puestos desempeñados por funcionarios de aquéllos, cualquiera que sea su nivel técnico o funcional, han de llevar forzosamente implícita esta remuneración, que sólo se reconoce a aquellos encomendados al respectivo Colectivo en los que concurren alguna de las dos circunstancias alternativas inexcusablemente exigidas. La titulación y capacitación técnica exigida para el acceso al Cuerpo tiene su reflejo económico con las retribuciones básicas, en tanto que mediante el complemento de destino se prima o la especial preparación añadida o la genérica para el ingreso en la función

pública o la especial responsabilidad que lleva aneja la adscripción a un servicio determinado". Aplicada esta doctrina jurisprudencial al caso de autos no puede prosperar la pretensión de la parte demandante, quien pretende la asignación de un nivel superior por su comparación con otro puesto de trabajo completamente distinto al que desempeña, argumento éste válido igualmente para desestimar su pretensión de igualación de las retribuciones por los diferentes subconceptos del complemento específico mediante su comparación con un puesto de trabajo distinto al que desempeña."

En canto ao complemento específico, establece o apartado 4 do devandito Real Decreto que o mesmo está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención a súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto.

O establecemento ou modificación do complemento específico esixirá con carácter previo, que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo, atendendo as circunstancias expresadas no número 1 deste artigo. Efectuada a valoración o Pleno da Corporación, ao aprobar a relación de postos de traballo, determinará aqueles aos que corresponde un complemento específico, sinalando a súa respectiva contía. A cantidade global destinada á asignación de complementos específicos figurará no presuposto e non poderá exceder do límite máximo sinalado no artigo 7.2.a) da citada norma.

Á vista do disposto no artigo 93 da Lei 7/1985, de 2 de abril e artigos 3 e 4 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, resulta, a xuízo da que subscribe, esencial, con carácter previo á

asignación e modificación de complementos específicos, a previa valoración do postos de traballo en función das condicións sinaladas no apartado 2 do artigo 3 e apartado 1 do artigo 4 do repetido RD 861/1986 e, en canto ao nivel de complemento de destino, deberá obedecer a criterios de valoración obxectiva (art. 92.3 LBRL)

Na documentación obrante no expediente examinado non consta documentación algunha que xustifique o nivel de complemento de destino do posto, sen que tampouco conste a previa valoración obxectiva deste (se asignan unhas puntuacións a uns factores sen que conste o criterio que xustifique a súa concreta asignación), polo que non se xustifican os niveis que se fixan.

Tendo en conta o que antecede, infórmase que infrinxe a legalidade a asignación de complementos de destino e específicos sen que conste unha valoración obxectiva do posto de traballo atendendo as circunstancias ás que se fixo referencia anteriormente.

Neste punto lémbrese o informado por esta Secretaría en anteriores ocasións verbo da necesidade de realizar unha axeitada valoración obxectiva de todos os postos de traballo, tendo en conta as funcións dos mesmos e tarefas que estas requiran, máxime tendo en conta que algúns postos, por mor de modificacións normativas, sufriron variacións nas súas funcións, xa que se está a incumplir a normativa xeral en materia retributiva, ao non aplicarse tal e como prevé, en concreto en materia de complementos de destino e específico, os artigos 3 e 4 do Real decreto 861/1986, polo que se traslada á Corporación a necesidade e obriga 1 de efectuar dita valoración.

No informe da Sra. Interventora municipal ao proxecto de presuposto para o 2020(código de documento UIT14I00DP) tamén se alude(pax. 3) á: "inadecuada valoración de numerosos puestos atendiendo a su carga de trabajo, dificultad técnica y responsabilidad".(....)".

Polo exposto, a xuízo desta Secretaría procede estimar o recurso neste extremo.

2.3.- En terceiro lugar alégase no recurso ausencia de determinación do título esixido para o desempeño do posto de xefe da área de urbanismo, ilegalidade de que o posto poida desempeñarse por persoal funcionario da escala de administración xeral e ilegalidade da libre designación como posible procedemento de provisión do posto.

Sobre estes extremos ratifícase a que subscribe no informado no informe de data 29 de xuño de 2020, no que se sinalou que:

"(..../....)2.1.3.- Contéplase na ficha, no apartado Escala-Subescala-Clase : "Administración xeral/Administración Especial",non axustándose á legalidade fixar como posibilidade a pertenza á Administración xeral, por canto da especificidade das funcións que se relacionan na propia ficha do posto (entre as que se atopa redacción de proxectos técnicos, memorias valoradas, informes de carácter técnico, confección do plan Xeral de Ordenación Urbana, inspección e control da disciplina urbanística, redacción de prego de condicións técnicas, proxectos e memorias valoradas das obras de construción que teña que efectuar o Concello, entre outras) se desprende claramente que a escala debe ser exclusivamente a de Administración especial, xa que os funcionarios da escala de Administración xeral non poden desenvolver as funcións sinaladas (segundo dispón o artigo 169. 1 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, "Corresponde a los funcionarios de la escala de Administración general el desempeño de funciones comunes al ejercicio de la actividad administrativa. En consecuencia, los puestos de trabajo predominantemente burocráticos habrán de ser desempeñados por funcionarios técnicos, de gestión, administrativos, o auxiliares de Administración general.").

2.1.4.- Non se especifica na ficha a titulación académica esixida. En congruencia co sinalado no apartado anterior, e dado que se trata de funcións propias da Administración especial debe especificarse a titulación que se require para o desempeño do posto.

2.1.5.- Infrinxe tamén a legalidade o establecemento entre as formas de provisión do posto do sistema de libre designación polas consideracións que a seguir se expresan (e xa indicadas anteriormente por esta Secretaría verbo desta forma de provisión noutros postos de traballo deste Concello- como o de xefe/a de servizo de dinamización, formación e emprego o de xefe de servizo de medio ambiente, servizos e obras na nota informativa de secretaria 9/2017, de 31 de marzo de 2017):

Como ten sinalado o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, entre outras, nas Sentencias de 21 de maio de 2014, 5 de novembro de 2014, 15 de febreiro de 2017 e 1 de marzo de 2017, na materia de provisión de postos de traballo de funcionarios de carreira da administración local, a regulación normativa concede preferencia ao que estableza a lexislación do Estado.

Así o artigo 168 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local establece que " La provisión de puestos de trabajo que, de conformidad con la relación aprobada, estén reservados o puedan ser desempeñados por funcionarios de carrera, se regirá por las normas que, en desarrollo de la legislación básica en materia de función pública local, dicte la Administración del Estado."

Así mesmo, o artigo 101 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, remite para a provisión ás normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, que evidentemente son as básicas do estatuto básico do empregado público. Polo tanto, a materia de provisión de postos de traballo de funcionarios, tamén respecto aos de Administración local, regúlase polos artigos 79 e 80 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TREBEP), debido a que a disposición final 1ª de dita norma establece que " Las disposiciones de este estatuto se dictan al amparo del artículo 149.1.18 de la Constitución, constituyendo aquellas bases del régimen estatutario de los funcionarios....".

Ditos preceptos do TREBEP establecen o seguinte:

"Artículo 79. Concurso de provisión de los puestos de trabajo del personal funcionario de carrera.

1. El concurso, como procedimiento normal de provisión de puestos de trabajo, consistirá en la valoración de los méritos y capacidades y, en su caso, aptitudes de los candidatos por órganos colegiados de carácter técnico. La composición de estos órganos responderá al principio de profesionalidad y especialización de sus miembros y se adecuará al criterio de paridad entre mujer y hombre. Su funcionamiento se ajustará a las reglas de imparcialidad y objetividad.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto establecerán el plazo mínimo de ocupación de los puestos obtenidos por concurso para poder participar en otros concursos de provisión de puestos de trabajo.

3. En las convocatorias de concursos podrá establecerse una puntuación que, como máximo, podrá alcanzar la que se determine en las mismas para la antigüedad, para quienes tengan la condición de víctima del terrorismo o de amenazados, en los términos fijados en el artículo 35 de la Ley 29/2011, de 22 de septiembre, de Reconocimiento y Protección Integral a las Víctimas del Terrorismo, siempre que se acredite que la obtención del puesto sea preciso para la consecución de los fines de protección y asistencia social integral de estas personas.

Para la acreditación de estos extremos, reglamentariamente se determinarán los órganos competentes para la emisión de los correspondientes informes. En todo caso, cuando se trate de garantizar la protección de las víctimas será preciso el informe del Ministerio del Interior.

4. En el caso de supresión o remoción de los puestos obtenidos por concurso se deberá asignar un puesto de trabajo conforme al sistema de carrera profesional propio de cada Administración Pública y con las garantías inherentes de dicho sistema.

Artículo 80. Libre designación con convocatoria pública del personal funcionario de carrera.

1. La libre designación con convocatoria pública consiste en la apreciación discrecional por el órgano competente de la idoneidad de los candidatos en relación con los requisitos exigidos para el desempeño del puesto.

Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto establecerán los criterios para determinar los puestos que por su especial responsabilidad y confianza puedan cubrirse por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública.

El órgano competente para el nombramiento podrá recabar la intervención de especialistas que permitan apreciar la idoneidad de los candidatos.

Los titulares de los puestos de trabajo provistos por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública podrán ser cesados discrecionalmente. En caso de cese, se les deberá asignar un puesto de trabajo conforme al sistema de carrera profesional propio de cada Administración Pública y con las garantías inherentes de dicho sistema.”

En consecuencia, o concurso é o procedemento normal de provisión de postos de traballo, e neste sentido a libre designación esixiría unha motivación individualizada.

As sentencias do Tribunal Supremo de 10 de abril de 1996 e 10 de abril de 2000 teñen declarado que o sistema de libre designación previsto na Lei difire sustancialmente dun sistema de libre arbitrio, xa que o seu perfil ven delimitado polos seguintes elementos: a) ten carácter excepcional, na medida que completa o método normal de provisión que é o concurso; b) se aplica a postos determinados en atención á natureza das súas funcións; c) Sólo entran en tal grupo os postos directivos e de confianza que a Lei relaciona; d) A obxectivación dos postos de especial responsabilidade está incorporada nas relacións de postos de traballo que deberán incluír “en todo caso, a denominación, e características esenciais dos postos...” e serán públicas, coa consecuencia facilitación do control.

No mesmo sentido se teñen expresado as sentencias do Tribunal Supremo de 22 de xaneiro e 16 de xullo de 2007, 7 de abril de 2008, 11 y 30 de marzo, 20 e 22 de abril de 2009, nas que se insiste no carácter excepcional desta forma de provisión, que impón á Administración a carga de xustificar especificamente, en cada caso, a decisión de utilizar esta forma de provisión.

E na sentenza de 21 de maio de 2012 declara o tribunal Supremo, baixo a vixencia da lei 7/2007, de 12 de abril, que a elección do procedemento de libre designación para a provisión de determinados postos de traballo incluídos na RPT do persoal funcionario da Administración autonómica e dos eus organismos e entes públicos dependentes esixe unha motivación específica, unha xustificación concreta das razóns polas que a partires dos cometidos propios do postos de traballo, concorren os requisitos legalmente establecidos para que se provea por este procedemento de libre designación, xustificación que é necesaria desde o momento en que o estatuto básico do empregado público non altera a consideración que merecen o concurso e a libre designación como mecanismos de provisión de postos de traballo. O concurso, segundo di o artigo o artigo 79.1 do TREBEP, é a regra, o modo normal de proveelos, mentras que a libre designación é a excepción. Como toda excepción á regra, debe ser interpretada estritamente e a Administración, cando queira servirse dela por entender que o posto de traballo é de especial responsabilidade ou de confianza, deberá xustificalo de forma específica.

Polo tanto, dado o carácter excepcional que a Lei asigna ao sistema de libre designación fronte ao normal que é o concurso, cando se pretende acudir a él débese facer excepcionalmente e xustificalo, caso por caso, por qué debe utilizarse. Como sinala a Sentencia do Tribunal supremo de 22 de xuño de 2012, “...Elo ha de implicar que la naturaleza de los cometidos a desempeñar y la especial responsabilidad que puedan implicar tales puestos son las razones que podrían, en su caso, justificar la opción de recurrir al sistema de libre designación para su cobertura, tratándose de extremos que no pueden presumirse sino que su concurrencia debe ser explicada de manera suficientemente precisa y particularizada por la Administración pues es evidente, tal y como señalábamos en nuestra sentencia de 5 de junio de 2009 (recurso de casación num. 3421/2006)”(...) que no basta la mera inclusión en la relación de puestos de trabajo para que un puesto haya de ser cubierto por libre designación, sino que es

preciso demostrar y no sólo motivar formalmente, que efectivamente, dicho puesto no puede ser cubierto por los procedimientos ordinarios de provisión, dada su especial responsabilidad, lo que conlleva en definitiva a la conclusión de que este es un procedimiento de provisión extraordinario, que implica la imposibilidad de que sea cubierto por los sistemas ordinarios de provisión, entre los funcionarios habilitados para ello, y ello viene exigido por el derecho de los funcionarios a su carrera profesional, y ocupar los puestos de trabajo en función del mérito y capacidad, e incluso por el principio de eficiencia y economía que debe regir en la actividad administrativa”.

No suposto examinado, a xuízo desta Secretaría non está xustificado a utilización do sistema de libre designación para a provisión do posto de xefe de área de urbanismo (como tampouco para os de xefes de servizo), polo que establecer este sistema de provisión para ditos postos infrinxe a legalidade

O feito de que o posto sexa o de xefe de área e as funcións deste non xustifica por si a libre designación como procedemento de provisión xa que non implican toma de decisións “ad extra”.(..../...)”

Polo exposto entende a que subscribe que procede estimar o recurso nestes extremos.

Terceira.- Competencia e procedemento

Polo que respecta á tramitación do recurso presentado, deberá darse cumprimento ao disposto no artigo 118.2 da Lei 39/2015, que dispón que “2. Si hubiera otros interesados se les dará, en todo caso, traslado del recurso para que en el plazo antes citado, aleguen cuanto estimen procedente.”

En canto á competencia para a resolución do recurso, corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser o órgano que ditou o acto que se impugna.

Cuarta.- O recorrente solicita por medio de “Otro sí” a suspensión da execución o acto impugnando por “producir efectos de imposible o difícil reparación”, pero non concreta estes efectos de imposible ou difícil reparación.

O artigo 117 da Lei 39/2015 dispón o seguinte:

“1. La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.

b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esta Ley.

3. La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. En estos casos, no será de aplicación lo establecido en el artículo 21.4 segundo párrafo, de esta Ley.

4. Al dictar el acuerdo de suspensión podrán adoptarse las medidas cautelares que sean necesarias para asegurar la protección del interés público o de terceros y la eficacia de la resolución o el acto impugnado.

Cuando de la suspensión puedan derivarse perjuicios de cualquier naturaleza, aquélla sólo producirá efectos previa prestación de caución o garantía suficiente para responder de ellos, en los términos establecidos reglamentariamente.

La suspensión se prolongará después de agotada la vía administrativa cuando, habiéndolo solicitado previamente el interesado, exista medida cautelar y los efectos de ésta se extiendan a la vía contencioso-administrativa. Si el interesado interpusiera recurso contencioso-administrativo, solicitando la suspensión del acto objeto del proceso, se mantendrá la suspensión hasta que se produzca el correspondiente pronunciamiento judicial sobre la solicitud.

5. Cuando el recurso tenga por objeto la impugnación de un acto administrativo que afecte a una pluralidad indeterminada de personas, la suspensión de su eficacia habrá de ser publicada en el periódico oficial en que aquél se insertó.”

C.I.F. P-1503100-H

Á hora de pronunciarse verbo da suspensión o órgano competente debe ter en conta o xogo do "interese público" existindo reiterada xurisprudencia no sentido de que en punto a decretar ou non a suspensión o órgano haberá de enxuiar ponderadamente os intereses en pugna e os posibles danos ao interese público, para extraer do mesmo a alternativa menos gravosa. En todo caso, o interese público xeral debe prevalecer sobre un interese privado.

Cómpre destacar que de acordo co disposto no parágrafo 3 do precepto anteriormente transcrito, a execución do acto se entenderá suspendida se trascorrido un mes dende que a solicitude de suspensión tivese entrada no rexistro electrónico da Administración para decidir sobre a mesma, o órgano a quen competa resolve-lo recurso (neste caso, o Pleno da Corporación) non dictara nin notificara resolución expresa ao respecto.

CONCLUSIÓN

En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe procede estimar o recurso de reposición presentado por Don José Ricardo Pérez Rodríguez nos extremos aos que se fixo referencia, e anular o acordo plenario de 24 de setembro de 2020 relativo á aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo.

É o que expoño neste informe que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito."

Consta no expediente informe do xefe do gabinete técnico de data oito de xaniero de dous mil vinteún (código de documento UPO15I000N) que transcrito literalmente di:

"Visto o recurso de reposición formulado por Don José Ricardo Pérez Rodríguez, o día 17 de decembro de 2020 (rexistro entrada 2020/10670) e atendendo á solicitude de informe requirido desta Unidade, se procede á emisión do mesmo nos seguintes termos:

Dado que non consta que se incorporaran ao expediente novos feitos ou argumentacións dos que xa existían na data do acordo plenario recurrido e que ser coherente coa propia conduta é un imperativo xurídico cando se trata de entablar relacións xurídicas entre cidadáns e Administración. En palabras do Tribunal Constitucional «La teoría de que "nadie puede ir contra sus propios actos", ha sido aceptada por la Jurisprudencia, al estimar que "lo fundamental que hay que proteger es la confianza, ya que el no hacerlo es atacar a la buena fe que, ciertamente, se basa en una coherencia de comportamiento en las relaciones humanas y negociales"» (STC 27/1981 (LA LEY 216/1981)).

Así mesmo o Tribunal Supremo sitúa esta regra entre a familia dos principios troncais do ordenamento xurídico: «Los principios de seguridad jurídica, buena fe, protección de la confianza legítima y la doctrina de los actos propios informan cualquier ordenamiento jurídico, ya sea estatal o autonómico, y constituye un componente elemental de cualquiera de ellos, al que deben someterse en todo momento los poderes públicos» (STS de 15 de enero de 2019, rec. 501/2016 (LA LEY 116/2019)). Con esas palabras vincúlase a doutrina dos actos propios aos principios de boa fe e protección de confianza lexítima, que foron acollidos como principio na Lei (apartado e) do art. 3.1 Ley 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (A LEI 15011/2015) (xunto ao art. 7 do Código Civil (A LEI 1/1889)).

Polo exposto, se estima que procede manter a posición da Administración municipal exposta no Acordo corporativo do día 24 de setembro de 2020."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira de Seguridade Cidadá e Persoal, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que con data 17 de decembro o traballador funcionario arquitecto don Ricardo Pérez presenta un recurso de reposición á RPT aprobada no pleno de data 24 de setembro solicitando que se proceda á anulación do acto impugnado, pivotando dito recurso basicamente en torno á creación da xefatura de área de Urbanismo sendo as alegacións que presenta sobre a falta de motivación, a falta de baremación e a falta

14 de 26

de titulación; que o equipo de goberno, no anterior recurso presentado, xa expuxo a necesidade dese posto e xustificou dita necesidade, que entra dentro do poder de autoorganización, e aínda que supón que cada un optaría por postos ou áreas distintas, o equipo de goberno considerou dita necesidade e, en canto á valoración, xa se explicou que se fixo en base aos criterios aprobados e que seguen en vigor, e respecto do alegado sobre a titulación, aclara que o que se está a sacar é un posto, non unha praza e que, cando se saquen as bases da praza, entenderase que se requira algún tipo de titulación porque é factible elixir entre varias, non sendo obrigatorio cingirse a unha soa, e non se require que vaia na RPT senón que pode recollerse nas bases; que por todo o exposto, o equipo de goberno ratifica o que se decidiu no recurso de reposición presentado polo partido popular e solicita que se rechace tanto o recurso como a anulación do acto impugnado.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo entenden que tanta obstinación como amosa o grupo de goberno para sacar adiante o posto de xefe de área de Urbanismo non lles gusta nada pois xa veu varias veces ao pleno este tema, primeiro para a súa aprobación e máis tarde con ocasión de revisar as alegacións presentadas e mesmo o recurso anterior contra a aprobación da modificación da relación de postos de traballo municipal, repetíndose en todas esas ocasións o mesmo esquema como é que a secretaria, que é quen ten a responsabilidade de facer o asesoramento legal previo, reafirmase en que esta modificación non é legal, e o goberno municipal, tamén recurrentemente, o que fai é acudir a outros técnicos buscando contrainformes en técnicos, en funcionarios que non teñen a responsabilidade nin a función de facer ese asesoramento previo que corresponde á Secretaría para cuestións que van ao pleno; que o relato repítese e ao final o Titanic vai a pique porque o equipo de goberno ten maioría absoluta e vai superando todos os obstáculos para ese fin que o seu grupo non acaba de entender e que non lles gusta nada porque evidentemente queda perfectamente exposto para todos os que viron o expediente que a creación dun xefe de área de forma vertical, sen agrupar máis dun servizo, non ten ningún sentido, pois o nivel xerárquico esgótase na xefatura de servizo e non ten sentido poñer un xefe por riba; que por este motivo ao BNG non lles gusta nada que recurrentemente se estea a sacar este tema e que o goberno municipal insista en sacalo adiante: que neste caso o recurrente é o xefe de servizo de Urbanismo, a persoa que neste momento esgota a xerarquía administrativa do servizo, e a quen o equipo de goberno quere poñer por riba un xefe de área, resultando moi simbólico ler o recurso, do que máis adiante lerá algunhos parágrafos, e curioso porque o equipo de goberno acusa á oposición de faltarlle ao respecto aos funcionarios e resulta que o grupo de goberno acusou a dita persoa de facer un hurto e non conformes resulta que...

Neste momento o Sr. alcalde-presidente fai uso da palabra e interrompe a intervención do Sr. Chouciño Garrido para dicirlle que considera que está a sobrepasar a liña e que non lle vai admitir baixo ningún concepto que faga acusacións veladas ao goberno municipal porque esa acusación feita é totalmente falsa e que non se acusou a ninguén, pedíndolle ao Sr. Chouciño que teña coidado coas palabras que di e que considera que procede unha rectificación porque non serve todo o argumentario e dicir calquera cousa.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido intervéñe e di que a argumentación do BNG a fan eles, non o grupo de goberno e, retomando a súa intervención, di que non conformes con iso, recurriron a sentenza que di que non existía nada nesa cuestión e, por outro, lado, que o dito funcionario presentou no seu momento un recurso contra un concurso para a provisión dunha praza de xefatura de servizo que se lle deu xustamente a única persoa que non cumpría os requisitos porque esa persoa pertencía a outra administración e a praza tiña esa limitación, recurso que está gañado e que está parado desde hai moito tempo, non sabendo se o que hai é unha especial inquina contra este funcionario porque os indicios están aí e aí quedan; que curiosamente non son estas as únicas cuestións nas que este funcionario discrepa moitas veces de cuestións que atañen ao goberno municipal pois hai pouco puidéronse ver os informes sobre A Garrocha e puidéronse ver tamén informes sobre cuestións que casualmente desde o BNG levaban xa tempo denunciando como foi a obra de Emalcsa ou a obra pola que levan preguntando tanto tempo tamén da escollera do Río Trabe ou a obra do pavimento da Ría no que parece que non se estaban a facer as cousas ben e non saben se é precisamente por todo isto que existe unha especial inquina contra o antedito funcionario e queren poñer un superior xerárquico sobre el.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que respecto do propio recurso, como dixo antes, é especialmente relevante ler algúns parágrafos e procede coa lectura do que segue:

“Y este no es más que un paso más en la actuación del señor alcalde y determinados miembros del gobierno municipal, y que ya viene de lejos, de apartar a este jefe de servicio de urbanismo del conocimiento de determinados asuntos o expedientes, pudiera ser porque no sean de su agrado determinados informes desfavorables que como jefe de servicio se vienen emitiendo, como aquellos en los que se hace mención a la realización de obras municipales sin ajustarse a los proyectos técnicos, utilizando, en algún caso materiales distintos a los contemplados en los proyectos, o informes en los que se cuestionan los precios de los proyectos de las obras municipales redactados por técnicos externos, o -y aquí lo importante- el informe desfavorable emitido en relación al documento de aprobación provisional del Plan General de Ordenación Municipal, informe desfavorable por, entre otros muchos motivos, considerar totalmente ILEGAL la reclasificación a suelo urbanizable de terrenos propiedad una promotora inmobiliaria en A Zapateira (aproximadamente 800.000 m2) para uso residencial.

En definitiva, el gobierno municipal ha hecho uso de una potestad administrativa para, en lugar de satisfacer el interés general que debe presidir toda actuación administrativa, conseguir un fin bien distinto, cual es el de apartar de hecho a esta parte de las funciones de jefatura que venía desempeñando de la unidad administrativa “inventándose” un jefe de un “área” inexistente, que coordinará no se sabe qué.”

Continúa o Sr. Chouciño Garrido e di que o que vén de ler son palabras do recurso do funcionario e que non sabe se tampouco lle gusta esta argumentación ao equipo de goberno pero como ben dixo antes, a argumentación do BNG fanna os membros dese grupo e non os membros do goberno municipal; que sendo a cuestión deste recurso o fondo do asunto, desde o BNG se preguntan se o equipo de goberno quere aprobar algún día o PXOM ou non e que o PXOM que se pretenda aprobar se axuste ás necesidades de Culleredo e non a outras e que conte cun amplo consenso pois corresponde á planificación para doce anos do futuro de Culleredo e que a decisión sexa sólida xuridicamente para que ningún recurso poida ter trazas de prosperar, ou se pola contra o obxectivo do equipo de goberno é outro; que é hora xa de poñer as cartas cara arriba e falar claro porque hai un PXOM aprobado inicialmente en 2013, hai xa 7 anos, e a xente vai farta de ver cousiñas nos xornais sobre a inminente aprobación do PXOM e non hai maneira de que se lle presente aos grupos políticos municipais da comisión correspondente, a comisión especial do PXOM, un expediente sobre o que traballar, e pide que lembre que a Consellería de Medioambiente emitiu un informe de avaliación do PXOM que se estendía sobre cuestións que non poderían ir adiante en Culleredo, e que lembre tamén o Sr. alcalde que o goberno municipal trasladou á prensa que hai discrepancias entre o equipo redactor e os funcionarios encargados de informar definitivamente sobre a viabilidade ou non do texto do PXOM, parecendo un eufemismo dicir discrepancias sabendo o que se vén de ler, discrepancias das que falou xa no escrito de alegacións o xefe de servizo de Urbanismo e que son alarmantes, debendo lembrar que existe unha denuncia da Fiscalía ao Xulgado a instancias dunha posta en coñecemento do BNG, duns feitos que constituiron unha perda de cartos e de patrimonio importantes para as instalacións municipais pero resulta que un dos informes de reparo que fai a Consellería de Medioambiente ao PXOM é sobre o proxecto de crear unha zona urbana en torno á Garrocha dicindo que non é posible facelo, o que fai pensar nunha operación preparada para fins que como ben di dita persoa non son intereses públicos, motivos polos que desde o BNG queren facer un ofrecemento ao equipo de goberno e, se este está disposto, presentar un documento do PXOM que poda xulgarse de sólido, de interese para a veciñanza de Culleredo e que teña garantías xurídicas, engadindo que ao seu grupo xa lle anunciaron colectivos que estaban dispostos a recurrir o PXOM se iso sae adiante como está...

A continuación intervéñen novamente o Sr. alcalde-presidente e pregúntalle ao Sr. Chouciño Garrido que ten que ver a súa proposta co punto da orde do día e pídelle que se cña a el.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que se o equipo de goberno está disposto a facer a proposta que solicitou contarán co apoio e co traballo do Bloque pero, en caso contrario, serán os máis firmes opositores a que o fagan e que por todo o exposto, o seu grupo vai votar en contra da proposta que se somete a votación.

C.I.F. P-1503100-H

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle di ao Sr. Chouciño que lle vai contestar soamente unha cousa porque en primeiro lugar o equipo de goberno está moi seguro do que está a facer con este posto do director da área de Urbanismo do Concello de Culleredo, e que con todas as partes houbo tempo a falar largo e tendido da motivación que existe real para continuar adiante con este posto de traballo e con outros que se van crear cunha nova RPT que se vai levar adiante neste ano; que ademais lle vai dicir outra cousa porque o Sr. Chouciño Garrido parece que non se entera de que quen iniciou o Plan Xeral no Concello de Culleredo foi o grupo do BNG conxuntamente co grupo socialista, preguntando se o que pasa é que antes valía e agora non porque foi o BNG o que fixo a suposta recalificación dos terreos xa que estaba no goberno cando se iniciou o Plan Xeral e que el, como alcalde, o único que fai é herdar un documento redactado polo BNG conxuntamente co equipo de goberno do que el non formaba parte naquel momento.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido lle pide ao Sr. alcalde que respecte todos os turnos porque hai compañeiros que teñen o seu turno pedido.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o Sr. Chouciño Garrido rematou o seu turno de palabra e el está no seu turno para replicar a intervención do Sr. Chouciño Garrido e que o que marca os turnos de palabra, en Culleredo e en todos os concellos, é a persoa que ostenta a Presidencia da Corporación municipal, engadindo que a realidade do Plan Xeral é a que expuso e que o equipo de goberno pretende unha ratificación que se vai facer sobre a proposta que se está a debater total e absoluta e que calquera funcionario do Concello que reúna os requisitos de titulación para ser director de área vai ter a oportunidade de ser director de área de Urbanismo e de calquera outra dirección de área que se propoña polo goberno municipal; que o BNG está presumindo unhas cuestións que nin tan sequerea se deron, pois simplemente se está dotando o posto para sacalo a concurso do xeito que sexa porque están abertas todas as posibilidades, non podendo discutir o Sr. Chouciño Garrido nin ningún cidadán do Concello que o departamento de Urbanismo necesita persoal ao igual que moitos outros departamentos do Concello de Culleredo porque hai un retraso considerable en licenzas e se necesitan técnicos cualificados para poder sacalas adiante, sendo iso o que se está a facer e se está tratando de adiantar coa proposta que se debate, non tratando de suplantar a ningún funcionario, respectando o equipo de goberno ao 100% o que poida dicir calquera funcionario e calquera alegación que se poida presentar no pleno, aínda que non a compartan no caso de ter outro criterio, aclarando que a capacidade organizativa dun Concello recae no goberno municipal, en todos os concellos de España e de Galicia, manifestándolle os seus máximos respectos ao arquitecto municipal aínda que non comparta parte dos parágrafos da alegación presentada, sabéndose perfectamente por parte dos directores ou dos xefes de servizo do Concello cales son as intencións do goberno municipal, claramente e con transparencia, como así se verá porque este é un tema de recorrido e xa se saberá se hai tanta polémica como o grupo do BNG quere despertar ou se se está nunha situación normal que o BNG trata de adulterar cunha finalidade totalmente política porque as bases aínda non saíron e o BNG está facendo acusacións moi graves contra o goberno municipal, sendo claro que as mallas urbanas da área metropolitana entre A Coruña e Culleredo son as mesmas e a propia Xunta de Galicia así o determina.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que no momento en que se aprobou inicialmente o PXOM no 2013 o BNG non levaba Urbanismo e que o que se aprobou foi unha aprobación inicial, un documento de traballo sobre o que traballar e sobre o que se pediron os informes pertinentes, e o que agora está dicindo o seu grupo é que se atenda aos informes que se emitiron; que di isto como un pequeno inciso porque non quere alterar a orde de intervención e hai compañeiros que pediron a palabra polo que deixa a súa resposta para cando sexa o seu turno máis tarde.

Responde o Sr. alcalde-presidente e lle di ao Sr. Chouciño Garrido que o que teña que dicir que o diga agora porque é o turno de réplica que vai ter porque non lle vai dar de novo a palabra.

Intervén a continuación o Sr. Chouciño Garrido e di que se non lle dá de novo a palabra é porque ese é o estilo do Sr. alcalde e que hai compañeiros que pediron a palabra e a presidencia alterou o turno de palabra.

Insiste o Sr. alcalde-presidente e di que el non alterou para nada o turno de intervención e que o Sr. Chouciño falou e el respondeulle ao falado, invitándoo a replicar o que estime oportuno.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e di que el simplemente fixo un inciso para contestar a unha pregunta feita polo Sr. alcalde pero que non vai alterar o turno de intervención.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle pregunta de novo ao Sr. Chouciño Garrido se quere replicar porque non vai ter de novo o turno de palabra nesta sesión.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e lle di ao Sr. alcalde que xa llo explicou e que el sabe ben como se desenvolven as intervencións.

Volta á palabra de novo o Sr. alcalde-presidente e lle pregunta outra vez ao Sr. Chouciño Garrido se quere contestar.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e lle pide ao Sr. alcalde que respecte os turnos de intervención e que por respecto aos seus compañeiros non vai alterar os ditos turnos.

Intervén o Sr. alcalde-presidente e di que no pleno os turnos de intervención están marcados pola intervención, a réplica e o dereito a contrarréplica, informando ao Sr. Chouciño de que está no seu turno de contrarréplica e preguntándolle se quere intervir.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e di que el non lle vai faltar ao respecto aos compañeiros que teñen pedido o uso da palabra.

A continuación, a Presidencia concédelle a palabra ao concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García.

O Sr. Prieto García, facendo uso da palabra concedida, di que o Sr. alcalde fixo algún comentario que a el lle chamou bastante a atención pois o Sr. alcalde di que os 800.000 m2 recalificados e sinalados polo arquitecto municipal e xefe de servizo de Urbanismo non son correctos.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle pregunta ao Sr. Prieto García que é o que está recalificado.

Responde o Sr. Prieto García e di que iso é o que se pode ver nas alegacións presentadas polo arquitecto municipal.

De seguido o Sr. alcalde-presidente pregunta novamente que é o que está recalificado e pide que por favor se deixe de faltar á verdade constantemente e insiste en que se diga o que hai recalificado.

Responde o Sr. Prieto García e lle pregunta ao Sr. alcalde se considera que os seus funcionarios están mentindo e indica que o referido nas alegacións como recalificados son terreos sitos na Zapateira.

Intervén de novo o Sr. alcalde-presidente e pregunta se hai algún plan aprobado.

Responde o Sr. Prieto García e di que esa recalificación contéplase no plan que se pretende aprobar.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o único plan aprobado de momento no Concello vixente a día de hoxe é o do ano 1987 e vai ser o goberno municipal o que decida se vai seguir ou non co dito plan xeral.

A continuación o Sr. Prieto García di que ese novo plan pretende aprobarse co xefe de área novo.

O Sr. alcalde-presidente pregunta que que é o que están dicindo e de que están falando porque non saben nin a misa a medias.

Seguidamente retoma a súa intervención o Sr. Prieto García e di que se falaba tamén de que calquera funcionario coa titulación necesaria podería optar á praza pero tampouco está definida a titulación necesaria para o posto e dicía tamén que están abertas outras posibilidades para acadar o dito posto pero unha das posibilidades que existen é a libre disposición dela, baraxada como opción, polo que se está ante un posto no que non se exige titulación e no que existe a posibilidade da libre designación, comezando a cadrar todas as pezas; que o Sr. alcalde comentou que a

área de Urbanismo está falta de persoal e que non saen as licenzas, o cal é verdade porque esa área está totalmente paralizada, pero a realidade é que hai postos sen cubrir desde o ano 2012, que é unha das cuestións que vén alegando o xefe de servizo que será quen mellor coñeza a situación pois el non está no día a día da área de Urbanismo e posiblemente o Sr. alcalde a coñeza mellor que o Sr. Prieto e saberá moito mellor que el como está o Concello e como están os funcionarios e el non vai discutir iso pero o que non lle pode discutir o Sr. alcalde a el é que o xefe de servizo de Urbanismo saiba mellor que ningún dos membros da Corporación municipal como está a súa área en canto a persoal, e o que vén dicindo é que lle cubran os postos base porque o que lle fai falta é xente que traballe, non xente que estea por riba dun só.

Segue a súa intervención o Sr. Prieto García e di que en canto ao recurso, que é o que realmente atañe nesta sesión, desde o punto de vista formal, fálase como único punto que se presenta na proposta de resolución da teoría dos actos propios en base constitucional e en base a doutrina xurisprudencial que marcou o Supremo xa hai moitos anos, sendo a dúbida do Sr. Prieto García se os membros do equipo de goberno comprenderon o que é a teoría dos actos propios e se algún podería explicar na sesión a dita teoría dos actos propios sobre a que van sustentar o motivo do seu voto e por que a teoría dos actos propios, que é doutrina xurisprudencial, si se aplica para un rechazo dun recurso previo pero non se aplica para un acordo plenario do mes de decembro do ano 2016 na que o goberno municipal suprimiu a praza de xefe de área alegando que é unha praza unicamente política e sen carácter técnico, preguntando de novo por que para unhas cousas aplican a teoría de actos propios e para outras non porque nesta sesión rechazan o recurso en base a que xa rechazaron outro recurso previo, o do partido popular, aínda que o petitium dos recursos non é o mesmo e están dando resposta a algo totalmente distinto; que en canto ao fondo si pero hai que entender que o que solicitan por un lado o partido popular e por outro lado o arquitecto son cuestións distintas, preguntando se non se entra a coñecer diso en canto á cuestión de fondo e dicirle ao pleno e aos veciños por que se rechaza un recurso distinto a outro presentado, polo que non entende e pregunta en primeiro lugar aos concelleiros do grupo socialista se leron o recurso porque neste caso ou o entenderon mal ou realmente non poden votar a favor coa proposta que teñen porque trátase dun recurso de vinte e pico páxinas ao que se responde con media carilla, preguntando se esa é a argumentación para rechazar porque no pleno no que se resolveu o recurso presentado polo PP foron preguntando concelleiro a concelleiro se algún sabía de que ía o recurso e ningún foi capaz de contestar, preguntando se saben o que supón o pleno do Concello que é un órgano colexiado e a vontade do pleno transmítese pola vontade dos individuos que o conforman, neste caso os concelleiros, e para que estea clara a motivación da votación do pleno ten que ser motivado cada voto en particular de todos e cada un dos concelleiros porque do contrario volveríase á pescadilla que se morde a cola e se cada un dos concelleiros non sabe o que está a votar o pleno, en consecuencia, non sabe o que vota e non sabe o que aproba, preguntándolles aos membros do equipo de goberno se son conscientes desta situación.

Segue a súa intervención o Sr. Prieto García e di que en canto a motivación xogariase a man dereita a que os concelleiros do equipo de goberno non saben o que votan e, dirixíndose ao Sr. Seijas González, di que está a rir e lle pregunta se podería dicir o porqué do rechazo do recurso do Partido Popular e por que queren rechazar o recurso do xefe de servizo.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle pide ao Sr. Seijas González que non conteste porque di é a mesma estratexia de sempre.

Segue a súa intervención o Sr. Prieto García e lle di ao Sr. Seijas González que cobra por preparar os plenos e ofrece retirar a demanda se o Sr. Abraham responde ao que lle preguntou, engadindo que o Sr. Seijas González cobra case dous mil euros ao mes e el lle dá a palabra de retirar a demanda se sube, se senta e explica o porqué da verdadeira motivación, e que pense todo o traballo que lle aforraria ao departamento xurídico, á secretaria ou ao alcalde con simplemente ter preparado o pleno.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde e lle di ao Sr. Prieto García que non entende o que está a facer, preguntándolle se se trata dun xogo e se pensa quitar unha demanda por unha resposta pois parecería que non tivera moi clara a demanda.

Responde o Sr. Prieto García e lle di ao Sr. alcalde que el ten moi clara a demanda e que se fixe do seguro que está de que non teñen feito o seu traballo cando fai ese ofrecemento.

Intervén o Sr. alcalde-presidente e lle di ao Sr. Prieto García que siga adiante coa súa demanda e que o goberno municipal acatará o que diga o contencioso-administrativo sen ningún problema.

Segue a súa intervención o Sr. Prieto García e pregunta, no caso de que o contencioso-administrativo lle quitara a razón ao equipo de goberno e declare nula a RPT, se dimitiría a concelleira delegada de Persoal.

Responde o Sr. alcalde-presidente preguntándolle ao Sr. Prieto García que pasaría se sae ben e se el dimitiría.

O Sr. Prieto García di que nese caso si dimitiría e que, seguindo co tema da proposta, en canto ao rechazo ao recurso el cre que no pleno anterior xa se debatiron todas as partes de fondo e o problema é que non tiveron resposta pois, aínda que a concelleira de Persoal dixo que si, que xa se dera resposta e se argumentara que si estaba valorada e motivada a decisión, non se xustificou ningún punto e o único argumento que se deu foi a existencia dun escrito do que agora mesmo é interventor accidental cando a mesma persoa, en posto distinto, cando ocupa o seu posto orixinario como funcionario di unha cousa e cando ocupa o seu posto de interventor di outra, agarrándose ás palabras da interventora titular, e que usar iso como única motivación da vontade do pleno parécelle un pouco pobre, e xa que todos os concelleiros e concelleiras se atopan traballando no Concello deberían motivar un pouco máis a decisión e que o que non pode ser é que se volva a un pleno novo, cun petitium distinto do recurso, e saír como entran, sen saber o porqué do voto en contra do grupo socialista, pois na proposta só se fala de actos propios cando actos propios tamén é non sacar a praza obxecto de debate polo que o goberno municipal aprobou no ano 2016, polo que pide que se hai algún outro argumento que o digan na sesión pois é o momento de facelo e, caso contrario, deberían votar en contra do seu propio rechazo pois doutra forma estarían facendo un acto administrativo sen motivación ningunha porque os concelleiros non saben o que votan; que o equipo de goberno debería parar este debate e votación, facer ben as cousas, sentarse coa oposición, porque non teñen ningún problema con ela máis que os que se buscan porque a convivencia do Concello empezou a romper con este novo goberno, pedíndolle que se centren un pouco porque ao Concello vénse a traballar e non se pode vir aos plenos sen preparar, con argumentacións baleiras, dicindo que neste caso se trata dun posto e que a praza xa sairá, dando largas, sen saber que se pretende realmente e que se busca con esta RPT porque se o obxectivo real é dinamizar a área de Urbanismo non se entende por que non se saca o posto e a praza todo xunto.

A continuación a Presidencia anuncia que se vai proceder á votación do punto e o Sr. Chouciño Garrido pide que se lle dea un turno de réplica.

De seguido o Sr. alcalde indica que xa lle deu antes o turno de réplica e que agora non lle corresponde.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal, de data 8 de xaneiro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Seijas González.

Votos en contra: nove (9) dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta de data 8 de xaneiro de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.- PROPOSTA RELATIVA A DENEGACIÓN DE COMPATIBILIDADE SOLICITADA POR D. MIGUEL PÉREZ VILA.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal, de data oito de xaneiro de dous mil vinteún, ditaminada favorablemente na comisión informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil na sesión de data trece de xaneiro de dous mil vinteún, que literalmente di:

“PROPOSTA PARA PLENO

O día 16 de outubro de 2020 tivo entrada neste concello a través do Sistema de Interconexión de Rexistros, un escrito de don Miguel Paz Vila, con DNI núm. 46 917 555 Q no que expón que estando traballado a xornada parcial no Conservatorio Profesional de Música como profesor de percusión, solicita a compatibilidade para completar xornada en calquera administración pública.

Don Miguel Paz Vila, con DNI núm. 46 917 555 Q, é profesor de percusión do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Culleredo, persoal laboral temporal, código CE.4.1.11 da relación de postos de traballo.

O día 23 de outubro de 2020, con entrada neste concello o día 28 de outubro de 2020, a Dirección Xeral da Función Pública da Xunta de Galicia, remite a solicitude de compatibilidade formulada por don Miguel Paz Vila e en uso das competencias que ten atribuídas informa desfavorablemente a autorización da compatibilidade de don Miguel Paz Vila entre as actividades públicas principal e secundaria enunciadas.

Consideracións legais

Primeiro.- A Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas dispón no seu artigo noveno que:

“La autorización o denegación de compatibilidad para un segundo puesto o actividad del sector público corresponde al Ministerio de la Presidencia, a propuesta de la Subsecretaría del Departamento correspondiente, al órgano competente de la Comunidad Autónoma o al Pleno de la Corporación Local a que figure adscrito el puesto principal, previo informe, en su caso, de los Directores de los Organismos, Entes y Empresas públicas.

Dicha autorización requiere además el previo informe favorable del órgano competente de la Comunidad Autónoma o Pleno de la Corporación Local, conforme a la adscripción del segundo puesto. Si los dos puestos correspondieran a la Administración del Estado, emitirá este informe la Subsecretaría del Departamento al que corresponda el segundo puesto.”

Segundo.- A citada Lei 53/1984, dispón no seu artigo primeiro que:

“1. El personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley no podrá compatibilizar sus actividades con el desempeño, por sí o mediante sustitución, de un segundo puesto de trabajo, cargo o actividad en el sector público, salvo en los supuestos previstos en la misma

A los solos efectos de esta Ley se considerará actividad en el sector público la desarrollada por los miembros electivos de las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas y de las Corporaciones Locales, por los altos cargos y restante personal de los órganos constitucionales y de todas las Administraciones Públicas, incluida la Administración de Justicia, y de los Entes, Organismo y Empresas de ellas dependientes, entendiéndose comprendidas las Entidades colaboradoras y las concertadas de la Seguridad Social en la prestación sanitaria.

2. Además, no se podrá percibir, salvo en los supuestos previstos en esta Ley, más de una remuneración con cargo a los presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos y Empresas de ellas dependientes o con cargo a los de los órganos constitucionales, o que resulte de la aplicación de arancel ni ejercer opción por percepciones correspondiente a puestos incompatibles.

A los efectos del párrafo anterior, se entenderá por remuneración cualquier derecho de contenido económico derivado, directa o indirectamente, de una prestación o servicio personal, sea su cuantía fija o variable y su devengo periódico u ocasional.

C.I.F. P-1503100-H

3. En cualquier caso, el desempeño de un puesto de trabajo por el personal incluido en el ámbito de aplicación de esta Ley será incompatible con el ejercicio de cualquier cargo, profesión o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia.”

Segue regulando a Lei 53/1984 no seu artigo terceiro que o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei só poderá desenvolver un segundo posto de traballo ou actividade no sector público nos supostos previstos na mesma para as funcións docente e sanitaria, nos casos aos que se refiren os artigos quinto e sexto, cargos electivos e para o exercicio de actividades de investigación de carácter non permanente ou de asesoramento científico ou técnico en supostos moi concretos, que non correspondan as funcións do persoal adscrito ás respectivas administracións públicas.

Por todo o exposto, e en virtude do artigo 9 da Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Denegar a compatibilidade solicitada por don Miguel Paz Vila, con DNI núm. 46 917 555 Q, por non axustarse a ningún dos supostos previstos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a concelleira de Seguridade Cidadá e Persoal, Sr. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que a proposta que trae o goberno municipal neste punto é unha proposta de denegación de compatibilidade solicitada por un profesor do conservatorio para realizar unha segunda actividade en función pública porque non reúne os requisitos marcados pola lexislación vixente en materia de compatibilidades, tal como fixo saber tamén a Xunta de Galicia no seu informe.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo, tras solicitar información respecto da solicitude do traballador referido na proposta e sendo unha solicitude para compatibilizar un contrato a media xornada, detalle que non se contempla en ningún momento na proposta de resolución do goberno municipal, consideran que existen dúbidas respecto da posibilidade de autorizar esta solicitude polo que o seu grupo vaise abster neste punto da orde do día, engadindo que máis alá do fondo compre tamén ter en conta as formas, e a documentación que se presenta para ditaminar este asunto fala moito das formas do goberno municipal de Culleredo, especialmente da área de Persoal e da súa concelleira delegada, parecendo o pleno de hoxe un pleno extraordinario monográfico sobre a Sra. Figueroa, con moitos anos de experiencia ademais na xestión municipal desta área, engadindo que a información que se ofrece neste punto desvela que é a Secretaría municipal quen ten que frear unha resolución da dita concelleira na que exerce unhas competencias que non lle corresponden, considerando que dada a experiencia da antedita concelleira

suponse que debería saber cales son as súas competencias e cales as do Pleno, non rematando aí as formas do equipo de goberno pois a Secretaría municipal no dito informe indica que as resolucións da concelleira de Persoal chegan sistematicamente á Secretaría xa asinadas e polo tanto aprobadas, impedindo á Secretaría, funcionaria habilitada de carácter nacional -invitándolles a revisar o que isto significa-, que exerza as súas funcións, polo que roga por favor que se respete minimamente a estrutura do Concello.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que, en calquera caso, o equipo de goberno estaría encantado de poder acceder á solicitude de don Miguel Pérez aínda que neste momento o equipo de goberno vese na situación de ter que aprobar a proposta que se propón, engadindo que, en calquera caso, están abertos a que se poida presentar novamente e afrontala de novo pois pensa que podería ser factible.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal, de data 8 de xaneiro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Seijas González.

Votos en contra: ningún

Abstencións: nove (9) dos/as Sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta de data 8 de xaneiro de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE CELEBRACIÓN DE SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DO PLENO, XUNTA DE GOBERNO LOCAL, COMISIÓNS INFORMATIVAS E XUNTA DE VOCEIROS POR MEDIOS TELEMÁTICOS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposición da Alcaldía, de data 14 de xaneiro de 2021, relativa ao asunto epigrafiado, e manifesta que dada a situación de pandemia que se está a sufrir agora e o incremento notable de contaxios no Concello de Culleredo o equipo de goberno viuse na obriga de activar o contrato referido na proposta, tratándose dunha empresa que cumpre todos os requisitos para realizar os plenos telemáticos, ao igual que os demais órganos colexiados, a criterio da Secretaría municipal, considerando que en calquera momento poden verse avocados, cousa que meses atrás non sucedía, a ter que realizar os plenos desde a casa pois hai casos de persoas que estiveron en contacto con persoas contaxiadas ou que o estiveron e para evitar risco vaise intentar facer de forma telemática.

A continuación a Presidencia somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día, por razóns de urxencia, da proposición da Alcaldía referida, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposición, que literalmente di:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Por Real decreto 926/2020, de 25 de outubro declarouse o estado de alarma en todo o territorio nacional para conter a propagación de infeccións causadas por SARS-CoV-2, que foi prorrogado o 3 de novembro de 2020 por un período de seis meses desde as 00:00 horas do 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do 9 de maio de 2021.

O artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- modificado polo Real decreto lei 11/2020, de 31 de marzo- preceptua o seguinte:

“3. En todo caso, cuando concurren situaciones excepcionales de fuerza mayor, de grave riesgo colectivo, o catástrofes públicas que impidan o dificulten de manera desproporcionada el normal funcionamiento del régimen presencial de las sesiones de los órganos colegiados de las Entidades Locales, estos podrán, apreciada la concurrencia de la situación descrita por el Alcalde o Presidente o quien válidamente les sustituya al efecto de la convocatoria de acuerdo con la normativa vigente, constituirse, celebrar sesiones y adoptar acuerdos a distancia por medios electrónicos y telemáticos, siempre que sus miembros participantes se encuentren en territorio español y quede acreditada su identidad. Asimismo, se deberá asegurar la comunicación entre ellos en tiempo real durante la sesión, disponiéndose los medios necesarios para garantizar el carácter público o secreto de las mismas según proceda legalmente en cada caso.

A los efectos anteriores, se consideran medios electrónicos válidos las audioconferencias, videoconferencias, u otros sistemas tecnológicos o audiovisuales que garanticen adecuadamente la seguridad tecnológica, la efectiva participación política de sus miembros, la validez del debate y votación de los acuerdos que se adopten».

A situación de estado de alarma na que nos atopamos se atopa nos supostos establecidos nesta modificación *“situaciones excepcionales de fuerza mayor, de grave riesgo colectivo o catástrofes públicas que impidan o dificulten de manera desproporcionada el normal funcionamiento del régimen presencial de las sesiones de los órganos colegiados de las Entidades Locales....”*.

Considerando convinte, á vista da evolución epidemiolóxica do coronavirus e a situación da enfermidade, en aras a evitar a propagación desta, a posibilidade de celebrar as sesións dos órganos colexiados do Concello de xeito telemático

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Como medida extraordinaria nunha situación de excepcionalidade, mentres dure a situación de Estado de alarma declarada polo Real decreto 926/2020, de 25 de outubro e as súas prórrogas, establecer a posibilidade de que as sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións informativas e Xuntas de Voceiros se celebren de xeito telemático:

- As sesións realízanse a distancia polo sistema de videoconferencia, utilizándose a tal fin a plataforma COUNCILBOX .
- Os servizos de informática do Concello serán os responsables da seguridade nas comunicacións e velarán porque as conexións sexan seguras e que exista interconexión axeitada entre os/as concelleiros/as participantes na sesión. Igualmente se grabarán en video as sesións.
- O desenvolvemento da sesión seguirá as prevencións legalmente establecidas.
- A convocatoria e acceso aos expedientes que integren a orde do día da sesión realízase por medios electrónicos a través da sede electrónica municipal e o xestor de expedientes.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo considera que antes de traer esta proposta ao pleno debería presentarse á Corporación municipal, ou como mínimo aos voceiros municipais dos grupos que teñen representación na Corporación de Culleredo, a plataforma Councilbox e comprobar o seu correcto funcionamento, como se verán as intervencións nos plenos, se se pode ver a todos os membros da Corporación municipal, etc, ou sexa, primeiro probar o correcto funcionamento da plataforma e despois poñela en funcionamento para o pleno, propoñendo desde o grupo político Alternativa dos Veciños se engada unha emenda na proposta que se presenta e na páxina dúas, onde di “Como medida extraordinaria nunha situación de excepcionalidade, mentres dure a

situación de Estado de alarma declarada polo Real decreto 926/2020, de 25 de outubro e as súas prórrogas,(.../...)", solicitan se engada "se se dá a situación de imposibilidade de facelo presencialmente por peche das actividades non esenciais" e no apartado d), onde di "d) A convocatoria e acceso aos expedientes que integren a orde do día da sesión realizárase por medios electrónicos a través da sede electrónica municipal e o xestor de expedientes." o seu grupo propón engadir "cando a sede electrónica funcione perfectamente en calquera dispositivo de cada un dos membros da Corporación municipal".

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que xa adianta que non se van aceptar as emendas porque en primeiro lugar poderíanse dar máis circunstancias das que describe o Sr. Mourelle Botana como por exemplo que houbera algún contacto con algunha persoa contaxiada e se puideran facer os plenos telemáticos a solicitude de calquera voceiro ou outras moitas casuísticas que se poden dar e aceptar as emendas propostas sería cinguir moito a forma de celebración do pleno, considerando desde o equipo de goberno que a proposta encaixa perfectamente coa situación pois é un pouco máis aberta.

De seguido solicita de novo o uso da palabra o Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo considera que non cinguen tanto coas emendas que propoñen pois xa se sabe que o tema da sede electrónica non funciona correctamente en todos os dispositivos.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que agora a sede electrónica funciona correctamente.

Intervén de novo o Sr. Mourelle Botana e pregunta se é certo que funciona correctamente e se nese momento collera calquera móbil de calquera concelleiro se funcionaría a sede electrónica sen problemas.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que non sabe se no móbil funciona ou non e que dependerá do sistema pero que nos ordenadores funciona sen problema.

Volta á palabra o Sr. Mourelle Botana e di que iso é o que el dicía desde o principio, que o mellor sería ao principio probalo todo e despois levalo ao pleno

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que respecta todas as opinións e non está no seu ánimo discutir pero o seu grupo non acepta a emenda e que en calquera navegador se pode entrar perfectamente na plataforma do Concello e que irá máis lento ou máis rápido pero entrar si se pode.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non van propoñer ningunha emenda pero si facer uns apuntes sobre a cuestión que se presenta pois a proposta di que "Como medida extraordinaria nunha situación de excepcionalidade, mentres dure a situación de Estado de alarma declarada polo Real decreto 926/2020, de 25 de outubro e as súas prórrogas, establecer a posibilidade de que as sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións informativas e Xuntas de Voceiros se celebren de xeito telemático" e que para o BNG a transmisión dos plenos que produciu esta situación trouxo unha derivada positiva que é unha maior transparencia pois agora calquera pode estar seguindo a sesión desde a casa e se se ven os arquivos que están na web municipal vese que teñen un índice de seguemento bastante aceptable polo que a transmisión dos plenos debe ter unha vocación de continuidade e de achegar ese aumento de produtividade; que emprega a expresión aumento de produtividade porque por unha parte preténdese o aumento da transparencia e a garantía para os cidadáns de coñecer o que sucede sobre os actos sometidos a publicidade, como son os plenos, facilitando o seguemento da actividade municipal por parte da veciñanza e, por outra, que axude a rebaixar a carga do traballo rutineiro dos funcionarios e que permita dedicar o seu tempo a outras cuestións máis necesarias porque hai aplicacións que teñen o sistema de videoacta e hai xa concellos que teñen ese sistema co que se rebaixaría o traballo que supón a transcripción das actas, etc.; que o seu grupo quere facer énfase en que isto non debería ser unha cuestión circunstancial pola epidemia senón que debería ser unha cuestión estrutural, é dicir, que se trae agora porque agora suma un plus pero debe ter vocación de continuidade; que sendo unha boa noticia que se contrate esta aplicación, dálle a razón ao BNG que leva xa case un ano dicindo que era posible contratar unha aplicación informática que cumprira con todos os requisitos que se poñían polo que

consideran que se debe traballar na idea de poñer unha aplicación que recolla as grabacións como videoacta e ademáis iniciar unha reforma dos regulamentos municipais para recoller todas estas cuestións que leven todo isto non a unha cuestión circunstancial senón de permanencia e que os cidadáns teñan a certeza de que van poder seguir as sesións desde as súas casas, independentemente de que haxa pandemia ou non, agardando que desapareza canto antes; que xa no mandado anterior aprobárase retransmítilos pola radio, algo que só se fixo nunha ocasión de forma moi puntual e dado que, polos motivos que sexan, aquilo non prosperou, facer que prospere agora e que teña vocación de permanencia.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que agradece as achegas do Sr. Chouciño Garrido, facéndoa propia, e lle indica que o equipo de goberno está a traballar tamén niso e que este mesmo sistema fai tamén videoactas e que as aplicacións do dito sistema serán as que se utilicen para as sesións do pleno haxa ou non pandemia porque a intención de todos é que a transparencia exista e que todos desde o seu domicilio poidan seguir as sesións, engadindo que o motivo de que na proposta se contemple a situación de excepcionalidade cinguido á pandemia é porque según lles dixeran neste momento é polo único polo que está permitido.

Segue a súa intervención o Sr. alcalde-presidente e lle di ao Sr. Mourelle Botana que van facer ao día seguinte ao da sesión unha proba a Secretaría e el, como alcalde, para coñecer e probar o sistema e despois invitar aos voceiros e demais concelleiros para facer un simulacro e probar o sistema para que no momento en que haxa a celebración dun pleno ou de calquera outro órgano colexiado non haxa problemas ou haxa os menos posibles.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposición da Alcaldía, de data 14 de xaneiro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera

Votos en contra: tres (3) dos/as Sres./as: Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Abstencións: tres (3) dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposición da Alcaldía, de data 14 de xaneiro de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e cincuenta e un minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,

O Alcalde-Presidente

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)